



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 13.12.2024**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

DATA: 13.12.2024

HORA DE COMEZO: 16:00 h.

HORA DE REMATE: 18:15 h.

Asistentes:

Atanes Limia, Xosé Manuel

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Lesmes Romero, Yolanda

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

Desculparon asistencia:

Macho Senra, Antonio

Martiño Gómez, Antonio



O venres, día 13 de decembro de 2024, ás 16:00 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.09.2024).
2. Informe do presidente.
 - a) Informes Xerencia.
 - b) Outros asuntos de sesións anteriores.
3. Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2025. Acordo para elevación ao Pleno.
4. Acordo sobre a proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2025. Elevación ao Pleno.
5. Aportacións e suxestións respecto das Normas de execución do orzamento da Universidade de Vigo.
6. Orzamento do Consello Social para o exercicio 2025. Estimación do peche do exercicio 2024.
7. Transferencias de crédito aprobadas en Consello de Goberno (29.10.2024) para centros de investigación.
8. Proposta de aprobación inicial da creación e participación da Universidade de Vigo na SpinOff "Serenia".
9. Informe de aproveitamento e aplicación das melloras recomendadas no informe de auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da Universidade de Vigo, e sobre os elementos do inmovilizado material".
10. Aprobación, se procede, da edición e difusión da Memoria do Consello Social correspondente a 2023.
11. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de outubro e novembro de 2024.
12. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, en especial a Xosé Manuel Atanes Limia polo seu compromiso ao incorporarse como membro da comisión.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.09.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

- a) *Informes Xerencia.*
- b) *Outros asuntos de sesións anteriores.*

Juan Manuel Vieites dá conta dos informes solicitados a Xerencia na reunión do 25 de setembro de 2024, dos que se enviou a correspondente documentación para esta sesión:



1. Informe escrito explicativo das causas que motivan a baixada de licitacións observada nas contas anuais dos últimos exercicios, e se é derivado dunha menor necesidade de licitacións, de falta de recursos asignados ao servizo ou doutro motivo non indicado.
2. Subministracións: aclaración das causas que motivan unha execución superior á prevista para todo o exercicio, para saber se é polo prezo das subministracións (electricidade, gas ou gasóleo) ou se é polo consumo realizado ata a data.
3. Investimentos en infraestruturas: aclaración das causas que motivan o baixo nivel de execución das infraestruturas, para saber se é por falta de execución, atraso nas licitacións ou modificación das anualidades previstas para as mesmas.

Agradece á Xerencia e aos distintos departamentos a recompilación e as respostas remitidas a esta comisión, e sinala que non se aprecian incidencias destacables, as explicacións resultan suficientes e permiten dispor dunha visión global da situación.

Apunta un último tema do que tamén se estaba á espera do dato da estimación de peche do exercicio na FUVI, para dispor dunha mellor valoración da situación económica da sociedade. Recibidos os datos por parte da dirección da FUVI, manifesta que se observa que a previsión é pechar o exercicio cun resultado positivo, "o que confiamos que se cumpra". Con todo, reflexiona que os orzamentos da Fundación deberían nacer equilibrados, solicitando da xerencia da FUVI que procure a consecución de mais fondos alleos para cubrir o desfase.

PUNTO 3

Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2025. Acordo para elevación ao Pleno.

Salienta o presidente os principais indicadores que determinan un importe de 175.025.709,16 € como teito de gasto non financeiro que, tal e como establece a normativa, non poderá ser superado. Cualifícase como axustado á regra de gasto e a xerente afirma que garante a prestación do servizo público da UVigo.

Detectados determinados desaxustes por Emilio Zunzunegui nalgúns dos importes, a xerente responde que se corruxirán e se remitirá a táboa correcta.

Juan Manuel Vieites lembra a recomendación expresa do Consello de Contas para que o documento se incorpore ao orzamento da UVigo. A xerente responde que descoñecía esta recomendación, e que se incluírá.

A proposta do presidente, a comisión acorda:

- ***Emitir informe favorable.***

PUNTO 4

Acordo sobre a proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2025. Elevación ao Pleno.

O presidente expón as principais consideracións extraídas do documento orzamentario. Principia sinalando:

a) *"Incrementa os ingresos non afectados do capítulo 4 en 8.390.331,20 €. Este ingreso corresponde na súa maioría á cantidade indicada na partida 41090 OUTRAS SUBVENCIONÉS DA XUNTA DE GALICIA por valor de 9.570.049,00 €. Tal e como indica o seu nome, trátase de subvencións de carácter finalista posto que non están contempladas na financiación non afectada do PFSUG 2022-2026. Solicita á Xerencia a documentación que xustifica este ingreso que vai a financiar gastos correntes da universidade, lembrando que non se poderá xerar crédito por este convenio ao estar incluído no orzamento inicial do exercicio 2025".*

"A maiores os ingresos do capítulo 4 financian gastos correntes, e sen embargo os gastos correntes non afectados mantéñense estables".

b) *"Incrementa os ingresos non afectados do capítulo 7. Esta cifra non se entende posto que os ingresos de capital financian gastos de capital, e sen embargo a cifra de gastos de capital redúcese en case 5 millóns de euros. Vista a situación solicítase tamén detalle dos ingresos do cap. 7 diferenciando*



afectado e non afectado; e do cap. 6 de gastos así mesmo diferenciado (Información necesaria visto o remanente libre usado en 2024 e a previsión para este exercicio).

Se realizamos un cálculo seguindo os criterios do exercicio precedente sobre a distribución real de ingresos, entendemos que a previsión inicial de uso de remanente afectado para financiar gasto corrente ascendería a 22.432.823 €, cifra que sería inasumible dada a situación actual da universidade e que provocaría un gran desequilibrio na liquidación do exercicio 2025.

Esta cifra calculada coincide coa comentada na reunión sobre a liquidación provisional de febreiro de 2024. Os gastos correntes incrementáanse pola subida do capítulo 1 e o incremento das subministracións, mentres que os ingresos non finalistas segundo o cadro de financiación do SUG medran en menor medida o que implicará o uso de remanente afectado para financiar gasto corrente”.

A xerente aclara que no capítulo IV figura o plan de financiamento, que se incrementa en 3M, e as subvencións da Xunta de Galicia, entre outros convenios de I+D+i, que figuran nos orzamentos da Comunidade como destinados ao financiamento das universidades; financiamento recorrente ano a ano, que xa se recoñece como estrutural e que adoita sufragar gastos de diversa natureza, correntes. Tamén lembra Yolanda Lesmes que o capítulo IV de ingresos financia gastos correntes, e aclara que estes tamén son obxecto de sufraxio dende os capítulos de ingresos III e V.

No tocante ao capítulo VII di que os ingresos cuxo orixe radica en transferencias de capital non sempre financian gastos de capital, nomeadamente fondos FEDER e MRR financian gasto corrente. Engade que os ingresos de capital minóranse en 9M, e os gastos de capital redúcense en 5M polo distinto ritmo de execución de ingresos e gastos, xa que os ingresos de capital van a financiar gasto durante varios anos.

Orzamento de ingresos

Interpreta o presidente que na análise de ingresos do plan de financiamento do SUG 2022-2026, *“o borrador mostra un incremento do 2,21% (+2.828.863,96 €). O dato preocupante é o pouco incremento no panel de indicadores que pasa de 19.534.894,85 € a 19.815.544,55 € (+1,44%). Este subfondo do plan evoluciona consonte a evolución do PIB real da Comunidade Autónoma para cada ano (2,25% no 2023), o que indica que a UVigo perdeu capacidade competitiva respecto as outras dúas universidades do SUG”.*

En canto ao remanente de tesouraría da clasificación económica 870 establece:

“Capítulo VIII. ... o «remanente de tesouraría» que inclúe as estimacións dunha parte do remanente do exercicio 2024, contemplado no orzamento anterior, que se destina a financiar determinados gastos do exercicio 2025 inferior en 3.000.000,00 €.

Concepto 870: remanente de tesouraría. No importe consignado neste concepto recóllense os remanentes dos proxectos de investigación e fondos MRR que se recibiron por anticipado, así como o remanente dispoñible para sufragar gastos non afectados e gastos non cubertos polo PFSUG, por exemplo, incrementos de soldos e salariais e incrementos do custo das subministracións (gas, electricidade e combustible)”.

“O orzamento indica que van a utilizar remanente libre para sufragar gastos que se incorporan do exercicio 2024 ao 2025 (AD de incorporación) e gastos de persoal e subministracións. Estes son os conceptos aceptados pola normativa para utilizar o remanente de tesouraría dispoñible, pero non se indica a cifra que se prevé utilizar no orzamento para coñecer o equilibrio orzamentario e a viabilidade da sostibilidade financeira a corto e medio prazo, como se indicou xa no orzamento do exercicio 2024”.

Contesta a xerente que se deduce dos indicadores que a baixada porcentual (-0,33%) responde, con carácter xeral, a unha mellora dos posicionamentos da USC que no peso multiplicador implica unha baixada porcentual para as outras dúas universidades (-44% no caso da UDC). Afirmar que trasladará a preocupación do Consello Social á negociación do próximo Plan de financiamento. En todo caso estima que a baixada non é consolidable se a universidade intenta mellorar os ítems de maior peso naquilo que dependa dos seus esforzos.

En canto á clasificación económica 870 argumenta que se trata dun parágrafo que está incorrectamente redactado e que se corruxirá.



Por último neste punto afirma que o orzamento 2025 non contempla utilizar o remanente de libre disposición para financiar o orzamento de gastos, prevendo un peche dun remanente de libre disposición de 8M€.

Orzamento de gastos

Cita o presidente que "analizada a evolución da masa salarial das tres universidades aprobada polo Consello da Xunta no seu proxecto de orzamentos para o exercicio 2025 atopamos que a UVigo é a universidade do SUG con menor incremento autorizado de masa salarial".

Respecto do capítulo 1 orzado, ao igual que no exercicio 2024, expón que "hai prevista unha cantidade superior á masa salarial autorizada e que debería xustificarse para evitar incorrer na execución superior ao autorizado pola Xunta de Galicia".

TOTAL CAPITULO 1	145.682.543,00 €
MASA SALARIAL AUTORIZADA POLA XUNTA	122.820.000,00 €
TOTAL AFECTADO CAPITULO 1 TEITO DE GASTO	13.947.634,00 €
SEXENIOS DE TRANSFERENCIA	4.225.267,34 €
DIFERENCIA PENDENTE XUSTIFICAR	4.689.641,66 €

En canto ao capítulo II, de gasto corrente en bens e servizos, "ten unha previsión de 35.017.812,00 €, experimenta un incremento do 14 %, que se explica pola previsión dos custos das subministracións e a necesaria licitación de servizos esenciais tales como a limpeza e outros que se van a ver afectados polo incremento dos prezos do consumo.

Incremento moi salientable inferior ao incremento de financiación do PFSUG (+2.21%) para o exercicio 2025. Pídeselle á Xerencia que explique como se vai a financiar".

Responde a xerente que na comisión do pasado día 7 de setembro xa se facilitaba un cálculo aproximado para o peche do exercicio. Así mesmo comenta que as xustificacións ao desvío producidas en 2023, por mor das disposicións legislativas do goberno central, foron expostas á Xunta para explicar o desvío da masa autorizada, e que estas desviacións se reproducen en 2024, "entendemos que por falta de consolidación da masa salarial, o que nos leva a unha xestión ordenada e controlada do gasto de persoal, que continuará na medida en que a Xunta e o Goberno non muden as súas previsións para o conxunto do sector público".

Finalmente, interesa Juan Manuel Vieites coñecer a causa pola que as bolsas para estudantes orzadas na 0000-121D, pasan de 1.562.000 € a 1.186.000 €, e a repercusión que terá nas actividades do alumnado.

A xerente resposta que noutros orzamentos a universidade dispuña de transferencias de capital alleas a entidades públicas que, por seren de libre disposición, aplicábanse a bolsas, estando agora afectados a fines concretos determinados polas entidades financiadoras, razón pola que se ve afectada esta partida de gasto.

Na rolda de intervencións final participan os presentes con distintas opinións e reflexións, así como dúbidas e preguntas que efectúan Emilio Zunzunegui e Xosé Manuel Atanes ás que dá contestación Yolanda Lesmes. A proposta do presidente, e coas consideracións expostas,

- **A comisión emite informe favorable para elevación ao Pleno.**

PUNTO 5

Aportacións e suxestións respecto das Normas de execución do orzamento da Universidade de Vigo.

Juan Manuel Vieites explica no seu informe que se analizan os aspectos técnicos e legais da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2025, baixo o punto de vista económico de cara a súa aprobación polo Consello Social. Non se analizan os aspectos relacionados coa política universitaria, de obxectivos nin de estratexia.



Fai as seguintes observacións:

Respecto dos artigos 9.3 (Xeracións de crédito) e 10.2 (Créditos ampliables), e dados os elevados importes dos que se trata, lembra á Xerencia a necesidade de informar ao Consello Social periodicamente das operacións no caso de producirse.

Respecto do artigo 11. (Transferencias de crédito), manifesta que se fai unha reestruturación respecto aos exercicios precedentes e inclúense unha serie de condicións que literalmente recollen "salvo cando afecten a créditos de persoal". Pide eliminar estas condicións xa que os créditos de persoal son o maior gasto da universidade onde é precisa maior planificación, polo que calquera modificación "debería pasar polos órganos competentes".

Sobre o recollido na disposición adicional segunda establece: (*"Autorízase ao reitor, tras aprobar os plans de investimentos polos órganos competentes, a realizar os trámites oportunos para concertar unha operación de empréstito dentro dos límites da normativa vixente"*), considera o presidente que de acordo co establecido no Pleno do Consello Social de decembro de 2023 esta disposición adicional debe ser eliminada ou modificada a redacción, xa que en caso de que a universidade precise acudir a unha operación de empréstito debe ser autorizada previamente polo Consello Social.

Por último, respecto da disposición adicional terceira (*"Autorízase á Xerencia a ditar as resolucións necesarias para modificar ou establecer novas normas de desenvolvemento do orzamento de 2025"*), opina que non se debe dar competencia tan ampla á xerencia, polo que se propón manter o texto que estaba no exercicio 2022 e anteriores, ou modificalo de xeito convinte.

- ***A comisión dá a súa conformidade.***

PUNTO 6

Orzamento do Consello Social para o exercicio 2025. Estimación do peche do exercicio 2024.

Vista a documentación, o presidente engade que o peche do exercicio 2024 sitúase ao redor do 90% de execución.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 7

Transferencias de crédito aprobadas en Consello de Goberno (29.10.2024) para centros de investigación.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 8

Proposta de aprobación inicial da creación e participación da Universidade de Vigo na SpinOff "Serenia".

Refire o presidente os aspectos máis salientables da SpinOff, e aclara que a participación da UVigo acada a porcentaxe do 5% (1.000 euros).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 9

Informe de aproveitamento e aplicación das melloras recomendadas no informe de auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da Universidade de Vigo, e sobre os elementos do inmovilizado material".

Introducido este punto polo presidente, Yolanda Lesmes informa que se está a traballar na actualización da documentación, e que no horizonte de febreiro poderá avanzar os primeiros datos.

- ***A comisión dáse por informada.***



PUNTO 10

Aprobación, se procede, da edición e difusión da Memoria do Consello Social correspondente a 2023.

Aclara Juan Manuel Vieites que a documentación recolle un custe de 5.037,76 € para a maquetación e impresión de 230 exemplares da memoria, e de 766,50 € para 50 Pen Drives a todo color, coa gravación de datos incluída.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 11

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de outubro e novembro de 2024.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:15 horas do 13 de decembro de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)